

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO O DÍA ONCE DE SETEMBRO DO DOUS MIL VINTE: -----

EXPTE. NÚM. 2020005930

**PRESIDENTE:
Telmo Martín González**

**CONCELLEIROS/AS:
Juan Antonio Deza Otero
María Paz Lago Martínez
Daniel Arosa Dasilva
María Deza Martínez
Marcos Guisasola Padín
Flavia Besada Otero
Oscar Vilar Sartages
Jaime Leiro Otero
Ainhoa Fervenza Celestino
Fernando Otero Montes
Sandra Fernández Agraso
Andrea Ucha Bouzada
Vanessa Rodríguez Búa**

**NON ASISTEN:
Paula Martínez Santos
Marta Caneda Prieto**

**INTERVENTOR:
José Juan Vidal Vilanova**

**SECRETARIO XERAL:
Angel Luis López Pita**
=====

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as oito horas e corenta e un minutos do día once de setembro de dous mil vinte, **baixo a Presidencia do Sr. Alcalde TELMO MARTÍN GONZÁLEZ**, reuníronse os/as Sres./as. concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión extraordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----



1º) EXPTE. NÚM. 202000655: PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE PARA AXUSTES DE RASANTES NO REVEL – VILALONGA (SANXENXO). O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable á proposta da **Comisión de Urbanismo** do **08 de setembro de 2020**.

Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do PP:

Bo día a todos e a todas, como ben saben todos aquí, o ámbito do Revel é un ámbito de equipamentos que queda publicado no Plan Xeral. No seu día aprobouse, para o seu desenvolvemento, un Plan Especial de Infraestruturas, que era o primeiro paso para facer a distribución das parcelas de equipamento educativo, equipamento deportivo, todos aqueles equipamentos que vostedes xa coñecen, que están aí, o paso posterior era a aprobación do Proxecto de Urbanización, a efectos de poder urbanizar o ámbito e poder executar, dentro do ámbito, os equipamentos para o uso dos veciños e veciñas. Cando estabamos na fase de aprobación do Proxecto de Urbanización, nos diversos replanteos do Proxecto de Urbanización, comprobouse que había unha disfunción co tema das rasantes dos viais existentes e os viais proxectados no propio Plan Especial. Os Proxectos de Urbanización teñen que acomodarse aos plans especiais, senón tería que modificarse o Plan Especial e o outro instrumento, para poder axustar esas rasantes que contempla a lei, é o Estudo de Detalle, un planeamento de desenvolvemento de carácter menor, que o que pretende é, unicamente, axustar esas rasantes aos viais existentes que hai alí, para que non existan esas diferenzas de cota porque, senón, parte dos que están alí quedarían practicamente enterrados e seguimos as rasantes contempladas no Plan.

Sra. Rodríguez Búa, concelleira do Grupo Municipal Mixto:

Bos días a todos, sinxelamente dicir que esta é a aprobación definitiva, xa anteriormente votouse a favor por esta parte para conseguir que, por fin, o Colexio de Vilalonga se executase.

Sr. Torres Pérez, voceiro do Grupo Municipal Mixto:

Nós tamén imos votar a favor, estamos de acordo, hai que facelo, é necesario e votamos a favor.

Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do BNG:

Bo día a todos e todas, isto é unha aprobación definitiva, polo tanto imos votar á favor. Non se pode deixar pasar á ocasión de dicir que, dende logo, non estamos a dar exemplo absolutamente de nada, cando digo damos estou a ser moi xenerosa, porque sobre todo vostedes, e non me refiro aos que están agora, senón, ao mellor, aos que estiveron antes, que algúns seguen estando agora, é increíble que esteamos a falar das rasantes, precisamente acaba de dicilo, para facer o tema dos equipamentos deste ámbito, que resulta que hai equipamentos, como o campo de fútbol, que deben levar nove anos, polo menos e, a gardaría, uns oito anos, é increíble, primeiro tería que ser feito iso, evidentemente e, logo, estar a falar dos equipamentos, aquí empezamos a casa polo tellado e, agora, estamos a arranxar o que non se fixo ben no seu momento, dende logo, o que dicía, non estamos a dar exemplo de nada, porque logo, as persoas normais, no seu día a día, se que lle pedimos que vaian todo polo libro e, tamén nós, como dez anos mais tarde, estamos a facer un traballo que teríamos que



ter feito, para poder facer algo que xa está feito e se está a traballar dende hai anos, pero bo, que todo sexa polo ben das infraestruturas que están aí, que sexa polo ben de poder funcionar o colexio, que o señor Telmo Martín prometeu que iamos empezar este ano e vai ser que non, entón imos ver que todo o tema da urbanización do Revel, que ademais é unha urbanización que economicamente é bastante custosa, que quede o mellor posible, e que non nós atopemos polo camiño con mais problemas, porque creo que xa estivo ben e que a imaxe xa está bastante deteriorada, como para paralizar isto por un problema que non se tivese previsto.

Celestino, voceira do Grupo Municipal do PSG-PSOE:

Bos días a todos e a todas, vamos votar tamén á favor, so dicir que é unha obra que se finanza cos cartos da Deputación, do Plan Concellos, uns novecentos mil euros van ir destinados a esta urbanización, que é necesaria para todos.

Sra. Deza Martínez:

Simplemente dar as grazas pola aprobación e que se, ten razón Sandra, que efectivamente, o Estudo de Detalle tiña que estar aprobado con anterioridade á execución deses proxectos, pero a realidade é a que é. Logo, o diñeiro da deputación, non, é diñeiro do concello que aporta a deputación, é dicir, quen financia á obra é o concello con fondos, efectivamente, subvencionados, pero iso non quere dicir que o diñeiro sexa da deputación, é do concello.

Sr. Presidente:

Vou explicar que ten razón a señora Deza, á parte dicir que, do Plan Concellos, son oitocentos e algo mil, non lembro agora e, catrocentos e pico mil son do concello, de fondos propios, non importa, o importante é facelo e xa está, pero á Sra. Fervenza saíulle a vea da deputación e eu enténdoa.

Non se produciron mais intervencións e o **Sr. Presidente** someteu a referida proposta a votación, sendo **aprobada por unanimidade dos membros presentes, adoptándose o seguinte acordo:**

“PRIMEIRO: aprobar definitivamente o Estudo de Detalle para axuste das rasantes no ámbito do Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións na zona E69B – O Revel, en Vilalonga, Sanxenxo.

SEGUNDO: publicar no Diario Oficial de Galicia o acordo de aprobación definitiva e no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra a normativa do estudo de detalle.

TERCEIRO: remitir o documento do Estudo de Detalle para axuste das rasantes no ámbito do Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións na zona E69B – O Revel, definitivamente aprobado, ao Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

CUARTO: notificar individualmente o presente acordo ás persoas titulares catastrais dos terreos afectados.” -----

2º) EXPTE. NÚM. 2020005737: PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ADHESIÓN DO CONCELLO DE SANXENXO Á REDE DE CONCELLOS “ÁGORA POLO ESPAZO



PÚBLICO”. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable á proposta da **Comisión de Urbanismo do 08 de setembro de 2020.**

Sra. Besada Otero, concelleira do Grupo Municipal do PP:

Hola, moi bo día a todos, como ben di o título do punto da orde do día, traemos ao pleno a adhesión do Concello de Sanxenxo a un protocolo de actuación promovido pola deputación, que se chama ÁGORA polo espazo público, este protocolo xa foi publicado en xuño, está na documentación que se vos enviou. De forma moi resumida o obxectivo fundamental é que, de aquí a 2023, os concellos ÁGORA, que son os que se adhiran a este protocolo, incrementen de forma substancial o espazo para preservar as persoas, os itinerarios peonís e ciclables, por suposto nós temos tamén estas inquedanzas, tamén nos gusta todo isto e intentaremos levalo a cabo, aínda que non nos adherísemos a este protocolo, pero pensamos que, se hai sinerxías con outras administracións e nos propoñen medios, é algo que debemos de promover, entón, pola nosa parte, o único que di o protocolo e que nos temos unha serie de obrigas, incrementar de xeito substancial, de aquí a 2023, os espazos públicos municipais, así como crear infraestruturas de mobilidade alternativa, tanto a pé como a bicicleta, cumprir en todos os proxectos executados a guía básica dos espazos públicos e mobilidade amable, que é unha lei que xa está desenvolvida pola Deputación, tamén a pode ver en internet e, despois, elaborar un plan de mobilidade sustentable, comprometernos a adoptar as medidas contempladas nel, este plan xa foi creado en 2019, co cal xa non temos que facelo, sinxelamente temos, en todos os proxectos que se leven a cabo, seguir as pautas que marca, que son cousas todas moi de sentido común, temas de distancias para que pasen os peóns e demais. Esa é a proposta.

Sra. Rodríguez Búa, concelleira do Grupo Municipal Mixto:

Imos a votar a favor, entendemos que é unha iniciativa que pode ser interesante para o Concello de Sanxenxo, polo tanto é o paso previo para poder beneficiarse deste planteamento, deste programa que presenta a deputación, este que estamos falando hoxe, entón imos votar a favor. O que se quero lembrar, simplemente, que pola nosa parte sempre insistimos moito en que todas as actuacións nos viais fáganse con responsabilidade, con criterio e con respaldo de profesionais, cousa que aquí, en Sanxenxo, non se fai nunca, polo tanto en termos xerais, este tipo de iniciativas está moi ben, pero hai que facela con criterio, cousa que consideramos que non se está facendo.

Sr. Torres Pérez, voceiro do Grupo Municipal Mixto:

Nós tamén vamos votar a favor, cremos que é unha cousa boa, pero comprometeros a facer todo o que lles piden, ao que acaba de dicir Flavia, pero tedes que cumprilo, porque aínda, hoxe en día, hai partes que non están ao 100%, teñen cousas rotas, farois fundidos, estamos a comprometeros a arranxar mais as cousas, pero, o que hai, non está ao 100%, imos votar a favor, pero se vos comprometedes, hai que cumprilo, hai que facer as cousas.

Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do BNG:

Nós, como non podería ser doutro xeito, imos votar a favor. Hai que dicilo, o mesmo



que antes a señora Fervenza sacaba peito pola deputación, entendo que hai que sacar peito de que este protocolo está feito pola parte do BNG da Deputación, no departamento de mobilidade, o señor César Mosquera, que é un dos idearios de como está Pontevedra e, tamén, da man de Uxío Vieitez, dende o departamento de mobilidade, entón, para nós, é unha garantía de que o traballo vai estar ben feito, é unha garantía de que se vai primar ao peón sobre o auto, que se vai primar o espazo público, que van ser lugares para o encontro da cidadanía, sempre dende o BNG fixemos políticas transformadoras en canto ao tema do espazo urbano, sempre mellorando, á favor, como dicía, do peón, como non pode ser doutro xeito, polo tanto, evidentemente, se que estamos a favor, que cumbran os puntos que di, que son fáciles tamén de cumprir, hai puntos que no Concello de Sanxenxo xa temos avanzado, polo tanto non hai que empezar de cero. Aconsellarlle a Flavia que se converta nunha esponxa porque, dende logo, son dous profesionais moi acaídos no tema da transformación da mobilidade e, polo tanto, eu entendo que, seguindo as directrices deste protocolo, pode ser moi beneficioso para Sanxenxo. É unha pena que non existise este protocolo hai moitos anos, mesmo na primeira temporada de alcalde do señor Telmo Martín, que, seguramente, entón, non teriamos moitas das aberracións feitas urbanisticamente que temos agora, pero claro, naquel momento, na deputación, non se primaba o tema do peón sobre o cemento, entón esperemos que, agora, aprendida á lección, que sexa o mellor para todos, dende logo hai que dicilo, o protocolo é moi válido e moi importante para os veciños de Sanxenxo.

Sra. Fervenza Celestino, voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

Eu, neste caso, tamén vou presumir coas palabras da señora Fernández, dicía que estamos aí, gobernando conxuntamente e que estes proxectos saen porque estamos todos nunha mesma onda progresista e que, aquí, se na rúa Progreso, este tipo de intervencións se tivese en conta, non faría falta ter policía locais, auxiliares, para dirixir o tráfico, sendo sempre un perigo para todos os peóns na zona da igrexa, da farmacia, do mercado, onde é un perigo pasar para o peón senón temos un policía, é algo que está moi mal deseñado.

Sra. Besada Otero:

Nada que dicir, dar as grazas.

Sr. Presidente:

Soamente, señora Fervenza, lembrarlle que vostedes, o Partido Socialista, foron os grandes causantes, xunto con outra xente, de que Sanxenxo non teña nestes momentos unha variante, unha circunvalación, unha ronda ou como queira chamarlle, entón a rúa Progreso estaría mais humanizada, afortunadamente o que este Alcalde de Sanxenxo quixo facer, o que fai vinte anos víase como unha aberración, agora solicítalo todo o mundo, cando vostedes métno por escrito aquí, nós ímolo a apoiar tamén.

Non se produciron máis intervencións e o **Sr. Presidente** someteu a referida proposta a votación, sendo **aprobada por unanimidade dos membros presentes, adoptándose o seguinte acordo:**



“PRIMEIRO: a adhesión á Rede de Concellos ÁGORA polo Espazo Público da Deputación Provincial de Pontevedra nos termos expresados no protocolo de actuación adxunto, co compromiso de cumprir e facer cumprir as obrigas municipais derivadas del.

SEGUNDO: a subscrición dos Principios ÁGORA por parte do concello.

TERCEIRO: designar, para todos os efectos, como **representante legal do concello** na “Rede de concellos ÁGORA polo Espazo Público” a **Flavia Besada Otero, concelleira de Urbanismo do Concello de Sanxenxo**, como **representante política**; e a **Rafael Vázquez Abal, arquitecto municipal do Concello de Sanxenxo, como representante técnico.**

CUARTO: trasladarlle este acordo de adhesión ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais do organismo provincial para os efectos oportunos.”-----

Sr. Presidente:

Outra cousa que quero dicir, porque non o dixeran ao principio, perdón, que Paula Martínez, a Concelleira de Facenda, non pode estar, porque está nun tema médico, en Pontevedra, para desculpala e a Marta Caneda, que non a vexo, tamén, que non puido asistir por un problema persoal, quedan todas desculpadas.

Sendo as oito horas e corenta e oito minutos, o **Sr. Presidente** dá por finalizada a sesión, de todo o que eu, como **Secretario, DOU FE:**

